

II Concurso Internacional de Composición Coral Xogos Tonais

Organizado polo Coro de Cámara Ludus Tonalis

BASES

1.- Participantes

A participación está aberta a calquera persoa, sen límite de idade nin procedencia, e ten un custo de inscrición de 15,00 euros que inclúe o envío por medios dixitais das partituras gañadoras do concurso do ano anterior que Ludus Tonalis mercará ex profeso para cada participante. Deste xeito a asociación cumpre co seu compromiso de divulgación da música coral e promoción de novas composicións.

2.- Características dos traballos

As obras presentadas serán orixinais e inéditas. Quedan excluídas as harmonizacións e arranxos. Non se admitirán adaptacións ou versións de obras anteriores dos mesmos autores xa estreadas ou editadas.

As obras deberán ser escritas para a súa interpretación *a capella* sobre un texto en lingua galega. Cada compositor/a será responsable do libre uso dos textos utilizados.

As obras estarán compostas para Coro de Cámara de voces mixtas (SATB até máximo de SSAATTBB) e terán unha duración máxima de 4 minutos.

3.- Recepción dos traballos

Os traballos enviaranse por correo electrónico á dirección ludustonalis.cc@gmail.com en formato .pdf. Unha vez recibidos, enviaranse as instrucións para o ingreso do importe por inscrición. As partituras presentaranse en páxinas escritas ou impresas en tinta negra formato A4 e as páxinas numeradas. Tamén indicará a autoría da letra. As partituras deberán ser lexibles, claras e sen equívocos nin correccións.

No encabezamento de cada obra só figurarán: o título, autor da letra e un lema (en substitución do nome do autor que non poderá aparecer no documento). Destes ficheiros faranse copias para entregar aos membros do xurado.

Así mesmo, achegarase un ficheiro de texto que identifique o lema coa autoría que quedará custodiado pola asociación. A organización comprométese a gardar confidencialidade sobre as autorías e o xurado non coñecerá o nome do/da autor/a ata que se emita o fallo.

4.- Prazo de entrega

A data límite para a presentación das obras é o 30 de xullo de 2019

5.- Premios

Primeiro premio XOGOS TONAIS á mellor composición dotado con 1000,00 euros e edición dixital da partitura, outorgado este último galardón polo Grupo Beroly

Segundo premio XOGOS TONAIS á mellor composición dotado con 500,00 euros

Premio do público patrocinado por KUAK VIAJES, dotado con 200,00 euros. Este premio poderá sumarse a calquera outro desta convocatoria.

Premio Beroly á edición da partitura dixital (valorado en 150,00 euros). Este premio, outorgado exclusivamente polo grupo Beroly, poderá recaer en calquera das dez obras preseleccionadas para a súa estrea e non poderá coincidir co primeiro premio.

Os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose as retencións legalmente establecidas.

5.- Emisión do fallo do Xurado

De todas as obras presentadas, o xurado preseleccionará un máximo de 10 obras que serán interpretadas por un coro de cámara (máx. 25 membros) o 22 de novembro de 2019 na Coruña. Este concerto será emitido en directo polas redes e tanto o público presente na sala do concerto como os seguidores vía web polas redes poderán votar a composición da súa preferencia.

O voto do público suporá o 20 % da puntuación. O 80 % restante da puntuación será emitida polo xurado, que estará constituído por músicos de recoñecido prestixio.

O premio Beroly será elixido directamente polo Grupo Beroly de entre as dez obras preseleccionadas para a súa estrea.

Os premios poderán declararse desertos se o xurado cualificador estimase que non se presentou unha obra merecedora dos mesmos.

O Coro de Cámara Ludus Tonalis estará dispoñible para a presentación das obras preseleccionadas no concerto do 22 de novembro. No entanto, no momento do envío da composición, os/as compositores/as poderán indicar a elección doutro coro da súa preferencia facilitando o seu nome e un teléfono de contacto. Os autores das obras informarían previamente ao coro que propoñan desa posibilidade. A organización non se fai cargo de ningún tipo de gasto asociado á elección doutro coro.

O resultado do concurso darase a coñecer durante a celebración da Gala de presentación de obras o 22 de novembro de 2019, e darase difusión do mesmo na páxina web da asociación e nas redes sociais.

Se, unha vez resolto o Concurso, se xustificara que a obra galardoada non reúne as condicións expostas nestas bases, o participante será desposuído/a do seu premio.

A participación neste Concurso supón a aceptación plena das súas bases cuxa interpretación será competencia exclusiva do xurado.